



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE MAIO DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de maio de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Anxo Collarte Pérez. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de maio do dous mil once (Ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicacion do Director do Servizo Municipal de Deportes con data RE 4 de maio de 2011 N° RE 2247, relativa a reapertura piscina municipal A Veronza.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes dar traslado da documentacion remitida a Xefatura Territorial da Conselleria de Sanidade de Ourense.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Valedor do Pobo con data RE 4 de maio de 2011 N° RE 2251, relativo a deficiencias dun camiño público no Concello de Ribadavia.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes solicitar informe a Policía Local na que se constaten as melloras realizadas no camiño que motivou a queixa.

2. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 4 de maio de 2011 N° RE 2252, relativo a “Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais”.
3. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil con data RE 6 de maio de 2011 N° RE 2308, relativo a “expediente sancionador incoado contra Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A. y Ayuntamiento de Ribadavia”.
4. Escrito de Gestima S.L., con data RE 4 de maio de 2011 N° RE 2243, relativo a envío de documentación sobre a marcha da explotación da concesión do parking sito na Alameda de Ribadavia e solicitude de compensación do equilibrio económico financeiro.
5. Comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, con data RE 5 de maio de 2011 N° RE 2280, relativo a procedemento ordinario 0005266/2002, no que se impón ao Sr. Alcalde unha multa con advertencia de que si non se procede ao pago antes do 1 de xuño de 2011 se procederá a imposición de nova multa coercitiva aos efectos de cumprimento da sentenza do procedemento ordinario 5266/2002.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR OFICINA DE TURISMO.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 06.05.2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir dúas prazas de AUXILIAR OFICINA TURISMO.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 06.05.2011.
- 2º.- Informe de intervención de data 09.05.2011.
- 3º.- Informe xurídico de data 06.05.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir dúas prazas de AUXILIAR OFICINA TURISMO.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO OMIX.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 06.05.2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO OMIX.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 06.05.2011.

2º- Informe de intervención de data 09.05.2011.

3º- Informe xurídico de data 06.05.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO OMIX.

**APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR CASA DA CULTURA.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 06.05.2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de AUXILIAR CASA DA CULTURA.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 06.05.2011.

2º- Informe de intervención de data 09.05.2011

3º- Informe xurídico de data 06.05.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de AUXILIAR CASA DA CULTURA.

**CAMBIO TITULARIDADE DE SEPULTURA.-**

“Visto o escrito de Dona Pilar Alonso Alonso en representación de Dona Encarnación Rodríguez Alonso, con domicilio en A Franqueirán Nº 20, de Ribadavia, e no que interesa o cambio de titularidade a Dona Pilar Alonso Alonso da sepultura con código 173T do cemiterio de Ribadavia que figura a nome de Dona Encarnación Rodríguez Alonso.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación presentada e comprobado polo persoal competente a correspondencia dos datos presentados, acorda acceder ao solicitado, polo que a partir de presente data o recibo correspondente á sepultura 173T xirarase a nome de Dona Pilar Alonso Alonso, aínda que este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre o sepultura en cuestión”.

**RESOLUCION DE 5 DE ABRIL DE 2011, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS QUE REXE AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCIAS PARA A PROMOCION DA IGUALDADE.**

“Vista a Resolución de 5 de Abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras que rexe as axudas e subvencións a entidades locais para promoción da igualdade, publicada no DOGA nº 71, de 11 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, de acordo co artigo 5.3.1 b) da Orde.

Segundo.- Designar como representante do Concello o traballador social, Don Justo Fernández Martínez.

**ORDE DO 5 DE ABRIL DE 2011 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES E SE CONVOCAN, EN REXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, SUBVENCIÓNS PARA COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2011.**

“Vista a Orde do 5 de Abril de 2011 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrència competitiva, subvencións para cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo nos Concellos de Galicia para o ano 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o programa de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo nos Concellos de Galicia para o ano 2011, cun orzamento total de 24.691 euros, distribuíndose o custo das actividades do seguinte xeito:



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**PROXECTO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO  
NO CONCELLO DE RIBADAVIA**

Nº	Actividade	Modalidade	Código	Importe €	Solicitud Subvención €
1	Dinamización da biblioteca	A	A1	1440	1152
2	Children´s world. Aprender descubriendo” (CPI Tomás de Lemos)	A	A2	3780	3024
3	Children´s world. Aprender descubriendo” (CRA Amencer)	A	A2	1260	1008
4	Aprende a estudar	B	B2	720	576
5	Aprende co ordenador (Tomás de Lemos)	B	B3	3600	2880
6	Aprende co ordenador (CRA Amencer)	B	B3	900	720
7	Dinamización da Escola de Pais e Nais	C	C1	2730	2184
8	Punto de información educativa	C	C3	1025	820
9	Campamento urbano	D	D1	4640	3712
10	Actividades extraescolares deportivas	D	D1	756	604,8
11	Mañás activas	D	D2	1860	1488
12	Obradoiro de pintura	D	D2	720	576
13	Crearte (Obradoiro de manualidades)	D	D2	720	576
14	Obradoiro de teatro	D	D2	540	432
	<b>Total</b>			<b>24691</b>	<b>19752,8</b>

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 9 da mesma.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.